

galicia

A Ruta da Lamprea



XUNTA DE GALICIA



Edita: Turismo de Galicia. Estrada Santiago – Noia Km3.
15897 Santiago de Compostela

Tel.: 981542500 / **Fax.:** 881995323

Textos: Valora Consultores

Fotografías: Arquivo de Turismo de Galicia. Cesión de Concellos da Ruta. Santiago Bacariza.
Nacho Santas. Obrador de Lamprea, S. L. U. e Conservas de Cambados, S. L.

D.L.: C 352-2016

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

Artes de pesca	04
O mundo da lamprea e o seu vocabulario	05
Itinerarios propostos	06
	07

A LAMPREA NO TAMBRE

Os rodeiros do Tambre	08
	10

A LAMPREA NO ULLA

As pesqueiras do Xirimbao	14
Sabor a lamprea e a pementos de Padrón	16
Os baleiros do Ulla	20
	24

A LAMPREA NO MIÑO

Crecente, mirando cara ao Miño	30
Lampreas e pesqueiras en Arbo	32
Arbo, auga e pedra máxica	36
As Neves, o sol do Condado	38
Salvaterra, un xardín sobre o Miño	42
As estacadas do río Tea	46
A pesca da lamprea no tramo final do río Miño	50
	54

RESTAURANTES DA RUTA DA LAMPREA

60

GLOSARIO

63

A Lamprea en Galicia

A LAMPREA HABITA NOS RÍOS GALEGOS DESDE HAI MÁIS DE 500 MILLÓNS DE ANOS.

COÑECIDA COMO “A VAMPIRESA DA AUGA” OU “A RAÍÑA DO RÍO”, A LAMPREA É UN DOS PRIMEIROS VERTEBRADOS DOS QUE HAI CONSTANCIA NA TERRA.

VIVE NO PLANETA DESDE ANTES DE QUE A ESPECIE HUMANA EXISTISE, E É ANTERIOR INCLUSO AOS MESMOS DINOSAURIOS.

O seu corpo é alongado e remata en cola. Son moi peculiares os seus sete pares de aberturas que parecen ollos, dispostas a ambos os lados da súa cabeza. Dúas aletas dorsais e unha caudal permítenlle remontar o río máis axilmente. O máis curioso é que se alimentan do sangue doutros peixes, grazas á súa boca circular, chea de dentes, coa que se agarra ás súas vítimas e mesmo ás pedras do río.

O seu ciclo de vida discorre entre a auga doce e a salgada. Tras o seu nacemento no río, migra ao mar, onde permanece durante uns tres anos, ata que atinxe a madurez. É entón cando percorre miles de quilómetros a través do océano para remontar o río que a viu nacer. A viaxe non lle vai resultar fácil, e atopará atrancos no camiño que lle farán máis difícil a desova, a súa última gran fazaña antes de morrer.

Da importancia que tivo este peixe desde a antigüidade dan boa conta os historiadores. Estes aseguran que, xa na época da Roma imperial, os emperadores facían que as levasen vivas desde Galicia ata Italia e que as conservaban en viveiros, ata que se servían na mesa. A día de hoxe, son tres os ríos galegos en que podemos atopar lamprea: o Tambre, o Ulla e o Miño.

A Ruta da Lamprea en Galicia bríndache a oportunidade de coñeceres esta especie tan singular. Presentámosche unha forma distinta de descubrir a historia, a cultura, a natureza, e tamén a gastronomía asociada a este animal.



Artes de pesca...

A fama que ten a lamprea no eido internacional non só é atribuíble á calidade do produto, senón tamén á forma artesanal da súa captura. Dependendo do río e da localización no seu curso, utilízanse diferentes sistemas de captura, entre os que atopamos as pesqueiras, os rodeiros, as gamelas ou as estacadas. E, segundo a arte de pesca asociada a cada un deles, falaremos de butróns, de cangallas, de redes, de nasas ou de fisgas. Somérxete nesta historia ata descubrires que aparello se emprega en cada caso!o!

AS PESQUEIRAS SON CONSTRUCIÓNS DESDE AS QUE OS PESCADORES CAPTURAN A LAMPREA EMPREGANDO DIFERENTES REDES.

Están formadas por muros dunha pedra encaixada e sen elementos de suxeición. Tamén coñecidas coma pescos, aparecen documentadas xa no século XI, aínda que é posible que moitas se remonten á época romana. Podes descubrilas no río Miño, ao longo dos municipios de Crecente, Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño. No río Ulla están presentes nos concellos de Teo, A Estrada e Padrón. E, no Tambre, atoparalas en Brión, así como nas terras de Noia e Outes, onde tamén se coñecen co nome de rodeiros.

CASO DIFERENTE É O DO RÍO TEA, AFLUENTE DO MIÑO. ALÍ EMPRÉGANSE AS ESTACADAS, UNHAS CONSTRUCIÓNS DE MADEIRA CON PASARELA ONDE SE COLOCAN OS PESCADORES.

Desde elas enxergan o remonte da lamprea e crávana coa chamada fisga ou francada. Cada ano faise un sorteo no que se decide a que pescador lle corresponde cada estacada.

XA NAS ZONAS DE ESTUARIO E DESEMBOCADURA DO RÍO, CONVÉN SALIENTAR O USO DE EMBARCACIÓNS COMO AS GAMELAS OU OS BALEIROS

desde os que se usan redes ou nasas como método de pesca. Esta modalidade de captura pódese contemplar no río Ulla, nos concellos de Pontecesures, Valga e Catoira; ou na área do Baixo Miño, nos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda. Nestes últimos, as redes que se empregan reciben o nome de lampreiras.

A LAMPREA É UN PRODUTO DE TEMPORADA QUE SE PODE PESCAR, APROXIMADAMENTE, DESDE XANEIRO ATA MAIO.

Son moitas as maneiras de cociñala, e cada lugar garda con esmero os seus segredos. O certo é que, unha vez que se proba, é cando se chega a comprender o porqué do seu éxito. Achégate e compróbaos ti mesmo!

O MUNDO DA LAMPREA E O SEU VOCABULARIO

ESQUEMA ARTES DE PESCA

RÍO	CONCELLO	CONSTRUCCIÓN-EMBARCACIÓN	ARTE DE PESCA
TAMBRE	Noia e Outes	Rodeiro ¹	Red ou Cangalla
	Brión	Pesqueira ²	
ULLA	Teo e A Estrada	Pesqueira ³	Butrón do Ulla ⁴
	Padrón		Nasa ou Red
MIÑO	Pontecesures, Valga, Catoira	Pesqueira	Butrón
	Crecente		
	Arbo		
	As Neves		
	Salvaterra de Miño	Estacada	Fisga ou Francada
	Ponteareas (Río Tea, afluente do Miño)		
	Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda	Gamela	Lampreeiras


¹ Miguel Piñeiro (2008), no seu libro *Lampreas e Pesqueiras. Historia, artes de pesca e recetario*, refírese a estas construcións co nome de pesqueiras.

² Clodio González e Manuel Ces (2010), en *A pesca de la lamprea no río Tambre. Historia, artes e gastronomía*, empregan indistintamente o nome de pesqueiras ou caneiros para se referiren a este tipo de construcións.

³ Miguel Piñeiro (2008), no seu libro *Lampreas e Pesqueiras. Historia, artes de pesca e recetario*, refírese a estas construcións co nome de canles.

⁴ Servando Duro, pescador do Ulla, refírese a esta arte de pesca co nome de cangalla.

OCÉANO ATLÁNTICO



PORTUGAL



Tambre

- 01 Os rodeiros do Tambre



Ulla

- 02 As pesqueiras do Xirimbao
- 03 Sabor a lamprea e a pementos de Padrón
- 04 Os baleiros do Ulla



Miño

- 05 Crecente, mirando cara ao Miño
- 06 Lampreas e pesqueiras en Arbo
- 07 Arbo, auga e pedra máxica
- 08 As Neves, o sol do Condado
- 09 Salvaterra, un xardín sobre o Miño
- 10 As estacadas do río Tea
- 11 A pesca da lamprea no tramo final do río Miño

A LAMPREA NO

TAMBRE

Ao longo de centos de anos, a lamprea foi motivo de desenvolvemento dunha intensa actividade pesqueira no río Tambre. Coas pesqueiras ou cos rodeiros extraíanse grandes cantidades de lamprea que posteriormente se despachaban na vila de Noia. Tamén se vendían a outros puntos de Galicia e do resto da península, onde era un produto moi apreciado.

A zona de lamprea neste río abrangue desde A Ponte Maceira, entre os concellos de Ames e Negreira, ata A Ponte Nafonso localizada entre os municipios de Noia e Outes, moi preto da desembocadura do río.

Esta situación cambiaría notablemente coa construción dun encoro, a mediados do século XX, que provocou a diminución da especie de forma progresiva. Por mor desta situación, a pesca da lamprea no Tambre está vedada desde 1990.

Na actualidade, e tras a construción dunha nova central ao pé da presa, a situación mellorou notablemente, xa que se lle achegou ao río un caudal ecolóxico que aumentou a presenza de lampreas. E, neste novo escenario, está a realizarse un importante labor de investigación para a recuperación da especie nas augas do Tambre.

Como mostra da fecunda actividade que se desenvolveu antano na zona, consérvanse as pesqueiras, formadas por grandes rochas, con ocos entre elas, polos que a lamprea se introducía para poder remontar a corrente. Neses ocos colocábanse unhas redes chamadas cangallas nas que os peixes quedaban atrapados.

As pesqueiras do Tambre localízanse en dúas zonas ben diferenciadas. Unhas moi concentradas na parroquia de Santa María de Ons, no concello de Brión, tamén denominadas caneiros; e outras na zona de pesca de Noia e Outes, coñecidas aquí co nome de rodeiros.




OS RODEIROS DO **TAMBRE**



Na ribeira do río Tambre, existe un sendeiro de gran beleza e valor paisaxístico coñecido co nome de Ruta Devesa do Nimo. O percorrido de ida e volta ten arredor de 7 km de lonxitude. Comeza ao pé da central hidroeléctrica Tambre I, deseñada por Antonio Palacios, e chega ata o concello de Brión.

O son do río acompañará o camiñante ao longo da súa andaina, na que poderá observar enormes rochas polas que discorren camiños de auga e descubrirá os coñecidos rodeiros do Tambre. Mentres, ao lonxe, emerxe o bosque atlántico, formado por carballos, loureiros, abeleiras, freixos, acivros, pereiras silvestres e unha gran variedade de feitos e fungos.



A pé

Percorrido da ruta: 7 km aprox. **ida e volta**

- 1_ Central hidroeléctrica Tambre I
- 2_ Casa dos Frades
- 3_ Rodeiros
- 4_ Caseta Os Rodeiros do Río Tambre



3 min



4 min



8 min

1

CENTRAL HIDROELÉCTRICA TAMBRE I

42.83555, -8.84912

Situada xunto ao río Tambre, é coñecida como a catedral industrial galega. Foi levantada en 1925 sobre unha antiga pesqueira cisterciense do século XIII, que servía para abastecer de salmóns e lampreas os frades do xa desaparecido mosteiro de Toxosoutos.

Xunto a ela, existen diferentes edificacións que, no seu día, servían de aloxamento tanto para o enxeñeiro-director coma para os traballadores da central.

Todas estas dependencias forman parte na actualidade do fermoso Hotel de Naturaleza La Pesquería do Tambre.

2

CASA DOS FRADES

42.83758, -8.85075

Se seguimos a ruta, atopamos unha ponte colgante e, xunto a ela, unha edificación coñecida como a Casa dos Frades. Foi construída a mediados do século XVI por encarga do mosteiro de Toxosoutos, do que na actualidade se conserva a igrexa de estilo barroco. O claustro do devandito mosteiro, comprado polo vizconde de San Alberto, pódese visitar no Pazo da Pena de Ouro en Noia.

Esta Casa dos Frades construíuse para controlar a pesca e recadar os foros; é dicir, os impostos que pagaban os agricultores non propietarios de terras. O pago facíase ben en moedas ou ben a base de lampreas, o que indica o valor que se lles outorgaba.

O actual propietario da casa, un importante grupo empresarial da industria da enerxía, valorou realizar un proxecto para crear neste espazo un centro interpretativo ao redor da cultura da lamprea.

3

RODEIROS

42.83934, -8.84734

Así se coñecen as pesqueiras no río Tambre. Estas construcións constan de varias partes: unha base natural formada polas pedras do río, unha parte fixa de madeira e outra parte móbil, tamén de madeira, na que se coloca a cangalla onde caen presas as lampreas.

Estes aparellos armábanse pola tarde, de maneira que actuaban durante a noite, o momento de maior actividade desta especie.

Na actualidade, existe un rodeiro rehabilitado para a visita, ademais doutros que se empregan na investigación da evolución do número de exemplares de lampreas no Tambre. Captúranas e devólvenas ás augas vivas, xa que neste río está prohibida a súa pesca.

4

CASETA OS RODEIROS DO RÍO TAMBRE

42.84016, -8.83781

Esta caseta serviulle de refuxio aos pescadores do Tambre, que a empregaban para pasaren as noites na espera dunha captura frutífera. Tamén se usaban para gardar o material e as artes de pesca.

No seu interior, a través de paneis interpretativos e da reprodución dun rodeiro en miniatura, poderás comprender toda a riqueza cultural existente ao redor da pesca da lamprea no Tambre.

Se segues a ruta río arriba, internaraste na devesa do Nimo, onde poderás gozar da frondosa vexetación autóctona e dun estreito sendeiro que leva ata as ruínas do Eremitorio de San Gregorio, ata chegar ao municipio de Brión.

E ADEMAIS...

As pesqueiras de Brión



Se se ascende o río Tambre, xa no concello de Brión, e máis concretamente na parroquia de Santa María de Ons, atópase unha ruta coñecida como a Ruta do río Tambre, que discorre por un bosque cheo de carballos, castiñeiros e bidueiros. Unicamente cando o curso do río está moi baixo, se poden contemplar ao lonxe as pesqueiras de Pazos, Pouso, Pedreira, Latedo, Cornedo...

Onde comer lamprea?



Noia

Restaurante Alborés
Restaurante Elisardo
Restaurante Ferrador
Restaurante Marico
Restaurante Tío Manolo

Outes

Restaurante Casa Peto

Brión

Restaurante Hotel Gastronómico Casa Rosalía

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Lamprea guisada...



Senta á mesa para degustar a exquisita carne deste animal prehistórico.

Aínda que non fose capturada no río Tambre, próbaa. Conservan as receitas tradicionais da zona, que de seguro che gustarán!





A LAMPREA NO

ULLA

Desde tempos ancestrais, a lamprea desprázase polas augas do Ulla e convive co salmón, co reo e coa troita. Ao longo do río, son varias as zonas habilitadas para a súa pesca, como a área do Xirimbao ou as pesqueiras de Herbón e Carcacía-Lapido, no concello de Padrón. Na parte baixa do Ulla, a súa captura concéntrase principalmente no concello de Pontecesures.

Estímase que as pesqueiras son de orixe romana, aínda que o primeiro documento en que aparecen datadas é un escrito interpretado por un dos frades do convento franciscano de Herbón, do século IX. Estas obras de enxeñería cruzan o río desviando a auga cara ás denominadas cangallas, os aparellos cos que se pesca a lamprea durante a noite. Polo día, estas redes permanecen inactivas, o que permite que o peixe remonte o río para continuar co seu ciclo de vida.

Preto da desembocadura do Ulla, concretamente en Pontecesures, as pesqueiras cédenlles protagonismo aos baleiros, un conxunto de barcos desde os que os pescadores capturan os peixes empregando as nasas ou butróns. Este tipo de pesca é máis rendible en número de capturas que as pesqueiras. Porén, as lampreas capturadas río arriba posúen unha maior calidade e unha carne máis dura, dado o esforzo que invisten en remontar as augas, cheas de atrancos e fortes correntes.



AS PESQUEIRAS DO **XIRIMBAO**



Neste treito do Ulla atópase a área recreativa do Xirimbao e a súa ponte colgante, coñecida popularmente como a pasarela Mariola. Atopamos aquí o famoso couto de Couso, moi recomendable para os afeccionados á pesca do salmón.

Antano, nesta zona na que o río se converte no límite natural entre as provincias da Coruña e Pontevedra, desenvólviase unha grande

actividade con abundante tráfico de embarcacións de paso. Existían numerosas pesqueiras en ambas as ribeiras, ata a zona de Pontevea. Hoxe en día, só se conservan en uso as localizadas no couto de Couso. Oxalá haxa sorte e vexas movéndose algunha lamprea na auga ou, como dirían os pescadores, "embudadas"; é dicir, adheridas aos salmóns do Ulla!



A pé

Percorrido da ruta: 2 km aprox.

- 1_ Pesqueiras Bumio e Lampreiro
- 2_ Pedra Fernández
- 3_ Zona da Croeira
- 4_ O Xirimbao e a pasarela Mariola



7 min



1 min



4 min

1

PESQUEIRAS BUMIO E LAMPREEIRO

42.74682, -8.56064

As pesqueiras deste tramo do Ulla caracterízanse pola súa proximidade á beira do río.

Tamén é propia da zona a rede metálica que se coloca nos ocos dos pescos para capturar as lampreas, que aquí se denomina cangalla.

Situadas a favor da corrente, na actualidade só catro pesqueiras seguen en funcionamento: as de Bumio no concello da Estrada e as de Lampreeiro en Teo. Aínda que existen máis neste couro, actualmente están en desuso.

2

PEDRA FERNÁNDEZ

42.74578, -8.55777

Esta curiosa pedra chea de buratos erosionados é un dos lugares máis solicitados polos pescadores de salmón para realizaren os seus lances.

Contan na zona que os buratos son o resultado das horas de espera que os pescadores fan na busca do prezado salmón.

3

ZONA DA CROEIRA

42.74594, -8.55689

Ademais dun cotizado posto para a pesca do salmón, a zona da Croeira é un dos lugares preferidos polas lampreas para desovar.

Estes animais son capaces de mover pedras de ata un quilo de peso coa boca, co fin de preparar o seu particular niño de cría.

Estes peixes chegan a desovar máis de 250.000 ovos, dos que se calcula que arredor do 30 % sobreviven.

4

O XIRIMBAO E A PASARELA MARIOLA

42.74611, -8.55656

Chegamos á área recreativa do Xirimbao, onde se di que hai anos existiu a pesqueira máis grande do río Ulla.

A ponte colgante que vemos ante nós permite pasar da provincia da Coruña á de Pontevedra.

Foi construída en 1960 e coñécese popularmente como a pasarela Mariola.

Podes continuar o percorrido á beira do río, por sendeiros paralelos ás súas marxes, que che permitirán acompañar as augas do Ulla no seu camiño cara ao mar.



Onde comer lamprea?



Teo

Restaurante Armando Blanco - A Casa das Tortillas

Restaurante Cierito Blanco

Restaurante Orballo - Hotel Congreso

Restaurante Pórtico

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*





SABOR A LAMPREA E A PEMENTOS DE PADRÓN



Padrón é terra de literatura e poesía. Sabe a pementos e a lamprea. Se segues esta ruta á beira do Ulla, coñecerás os lugares descritos nos poemas de Rosalía de Castro. Poderás achegarte ao convento franciscano de Santo Antonio de Herbón e camiñar entre carballeiras centenarias. Pasearás rodeado de patrimonio románico a cada paso, xunto a terras de cultivo nas que destacan as verdes plantacións de

pementos de Herbón que, tal como reza o dito popular, “uns pican e outros non”.

E que mellor para acompañar esta ruta ca degustar unha lamprea capturada en calquera das pesqueiras que permanecen en activo no concello; concretamente, en Herbón e Carcacia-Lapido.



A pé

Percorrido da ruta: 5 km aprox.

- 1_ Convento franciscano de Santo Antonio de Herbón
- 2_ Carballeira centenaria
- 3_ Pesqueiras de Herbón e Carcacia-Lapido



1 min



35 min

1 CONVENTO FRANCISCANO DE SANTO ANTONIO DE HERBÓN

42.73257, -8.63092

Na parroquia de Herbón, ao pé do río Ulla, atopamos este templo, símbolo da presenza franciscana en Galicia.

Ata aquí chegaron, desde as Américas e das mans dos monxes, os primeiros pementos que prosperaron nestas fértils terras, ata conseguir gran fama no escenario gastronómico nacional e internacional.

Tanto é así que, a día de hoxe, o pemento de Herbón goza do recoñecemento de Denominación de Orixe Protexida.

2 CARBALLEIRA CENTENARIA

42.73265, -8.63150

Localízase no recinto do convento franciscano, monumento que no ano 2013 foi declarado ben de interese cultural.

Nesta carballeira con vistas ao río Ulla, celébrase o primeiro sábado do mes de agosto a Festa do Pemento de Herbón, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

3 PESQUEIRAS DE HERBÓN E CARCACÍA-LAPIDO

42.73166, -8.62706

No concello de Padrón, as pesqueiras tamén son coñecidas co nome de canles e aquí atópanse construídas a favor de corrente. Existen nesta zona un total de catorce, e moitas delas pódense visitar a pé a través dunha senda de lampreeiros.

Aínda que na actualidade pertencen aos veciños do lugar, ata o século XX foron explotadas polo Cabido de Iria.



Onde comer lamprea?



Padrón

Restaurante A Casa dos Martínez

Restaurante Asador Reina Lupa

Restaurante Casa Eduardo

Restaurante Chef Rivera

Restaurante O Fogar de Breogán

Restaurante O Pazo - Hotel Scala

Restaurante O Santiaguíño

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Outro xeito de coñecer a lamprea!



Saborea e coñece a lamprea do Ulla nas xornadas gastronómicas e divulgativas "Padrón, sabor a lamprea" que se celebran durante os meses de febreiro e marzo. Aprende máis sobre esta especie singular a través de exposicións, talleres e charlas formativas para os escolares e para o público xeral.





OS BALEIROS DO ULLA



Na parte final do curso fluvial do río Ulla, terás a oportunidade de facer unha viaxe no tempo que te levará desde a ponte de orixe romana de Pontecesures ata as Torres do Oeste en Catoira, que impediron durante séculos o ascenso dos exércitos normandos no seu intento por conquistar Compostela.

Coñece de primeira man o labor dos baleiros, a frota de embarcacións en que os mariñeiros navegan polo río na procura da lamprea. Mentres que antano esta frota estaba formada por 200 e 300 gamelas a vela ou a remo, hoxe en día o número viuse notablemente reducido a unhas 15 embarcacións e, ademais, as barcas tradicionais foron substituídas maioritariamente por modernas planadoras.

Para atrapar a lamprea, os pescadores usan como aparellos as nasas, feitas de maneira artesanal por eles mesmos.

Arrianas desde as súas embarcacións cara ao solpor e déixanas toda noite no fondo do río. Ao día seguinte, despois dunhas vinte horas de espera, recollen as capturas, e volta outra vez. Así mentres dura a temporada de pesca desta especie, que abrangue aproximadamente de xaneiro a abril.


Debe terse en conta que nesta parte final do Ulla, e dependendo do concello onde nos atopemos, existen certas restricións e zonas habilitadas para realizar esta actividade. Así, nos concellos de Pontecesures e Catoira, hai áreas acoutadas para poder pescar, mentres que en Valga existe unha zona de alta protección ambiental na que só se permite a práctica da pesca deportiva.



En coche

Percorrido da ruta: 36 km aprox.

- 1_ Ponte entre Padrón e Pontecesures
- 2_ Paseo fluvial do Ulla en Pontecesures
- 3_ Miradoiro do Galiñeiro
- 4_ Praia fluvial de Vilarello
- 5_ Miradoiro do monte Beiro
- 6_ Torres de Oeste
- 7_ Paseo fluvial do Ulla en Catoira
- 8_ Miradoiro do monte Xiabre



1 min



4 min

1 PONTE ENTRE PONTECESURES E PADRÓN

42.72558, -8.65466

Esta ponte, situada sobre o río Ulla, separa a provincia da Coruña da de Pontevedra. Foi construída polos romanos no século I.

Sufriu varias reformas ao longo dos séculos disfrazando o seu aspecto original. Mesmo hai quen lle atribúe o deseño dalgunha destas modificacións ao mestre Mateo, autor do Pórtico da Gloria no século XII.

2 PASEO FLUVIAL DO ULLA


42.72061, -8.65505


Trátase dun percorrido pola marxe do río dun quilómetro de lonxitude. O camiñante poderá observar como pescan os baleiros do Ulla e como lanzan e recollen as nasas durante toda a temporada da lamprea.

3 MIRADOIRO DO GALIÑEIRO

42.72752, -8.64233

Desde este miradoiro, pódese apreciar como conflúen os ríos Ulla e Sar na súa desembocadura e como converten a paisaxe e a vexetación nunha verdadeira arte.





8 min



11 min

4 PRAIA FLUVIAL DE VILARELLO

42.70382, -8.71172

Situada no concello de Valga, entre extensas formacións de marisma e bosque de ribeira, a praia fluvial de Vilarello está acondicionada para o lecer, e conta mesmo cun pequeno embarcadiro.

No mes de xullo celébrase aquí a Festa do Peregrino, unha simbólica romaría onde se navega río arriba a Pontecesures seguindo a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla.

5 MIRADOIRO DO MONTE BEIRO

42.69166, -8.68832

Desde o alto deste monte, gozarás dunha magnífica panorámica do río Ulla ata a súa desembocadura.

Conta ademais cun muíño de vento restaurado, un itinerario botánico e unha área de recreo.



E se che sobra tempo...

Mercado dos Mouros

É o nome que recibe este pequeno xacemento arqueolóxico descuberto en Valga, no que tamén se atoparon restos de cerámica e tellas pertencentes á época romana..

En realidade, crese que se trata dun antigo almacén mouro que contaba cun pequeno porto situado á beira do río, que antano serviu para o intercambio comercial a través do Ulla.



10 min



4 min



26 min

6 TORRES DE OESTE

42.67641, -8.72576

Situadas no concello de Catoira, son os vestixios dunha das máis importantes fortalezas da Galicia medieval, declaradas Patrimonio Histórico Nacional.

Formaban parte dunha rede defensiva que impedía o paso dos piratas normandos, a través da ría de Arousa e do río Ulla cara a Santiago de Compostela, nas súas expedicións de saqueo e pillaxe.

Se te achegas durante a primeira fin de semana do mes de agosto, serás testemuña dunha das festas máis singulares de España, a Romaría Viquinga, declarada Festa de Interese Turístico Internacional.

7 PASEO FLUVIAL DO ULLA

42.67205, -8.72651

Goza deste paseo peonil que une a área recreativa da praia fluvial de Catoira co recinto das Torres do Oeste, a través de tres quilómetros de percorrido que desembocarán no límite do concello de Valga.

8 MIRADOIRO DE MONTE XIABRE

42.62361, -8.70304

Desde este miradoiro natural, que se localiza no límite dos concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Catoira, contemplarás unhas fermosas vistas do Barbanza, da comarca do Ulla e do Salnés

As pesqueiras no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela

Na colección cartográfica do Arquivo da Catedral compostelá consérvase un documento de grande importancia no que ás pesqueiras do Ulla se refire¹.

No plano, asinado por José Benito Malvárez no ano 1798, aparece o primeiro debuxo que se conserva das Torres do Oeste.

Ademais, no mapa aparecen situadas e identificadas as 27 pesqueiras que nese momento se distribuían entre Carcacía-Lapido e as Torres de Oeste. Todas elas estaban arrendadas e eran propiedade, entre outros, do Cabido de Santiago.

(1) Taín Guzmán, Miguel. "Planos de tenencias del Cabildo de la Catedral de Santiago dibujados por sus arquitectos (siglos XVIII y XIX)". *Semata: Ciencias Sociais e Humanidades*, n.º 9 (1997) Santiago de Compostela, p. 472-503.

Onde comer lamprea?



Pontecesures


Restaurante Carabela

Catoira

Restaurante Casa Emilio

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Sabor único!



Se existe unha receita típica en Pontecesures é o timbal de lamprea. O seu aspecto exterior é parecido ao dun bolo de pan que no seu interior está cheo dun rustrido de lamprea.

Sacia o teu apetito cun bocado milenario de sabor moi especial.





Para os adictos á lamprea

Podes degustar a lamprea do Ulla na festa gastronómica coñecida como Tapea Lamprea, que se celebra en Pontecesures arredor da Semana Santa!

A LAMPREA NO **MIÑO**

O Miño é o recurso fluvial máis importante e con maior lonxitude de Galicia. Cada ano, miles de exemplares de lampreas remontan este río para finalizar o seu ciclo de vida e desovar antes de morrer.

Ao longo de 76 quilómetros de curso fluvial, existentes entre o concello de Crecente e a súa desembocadura na Guarda, empréganse diferentes métodos para capturar a lamprea. Segundo a zona onde se realice a actividade, a arte de pesca utilizada varía notablemente. Así, comprobamos que nos concellos de Crecente, Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño, son centos as pesqueiras diseminadas polo río. Estas construcións formadas por muros de pedra sabiamente encaixada, sen elementos de suxeición, son un exemplo vivo da enxeñería e do bo facer popular.

A antigüidade das pesqueiras remóntase á época romana e o seu uso séguese transmitindo de pais a fillos. Na actualidade, debido á dificultade de conservación e ao abandono de moitas delas co paso do tempo, trabállase nunhas 400 pesqueiras, testemuñas das máis de 700 que un día marcaron o devir do río.

Caso diferente é o de Pontearreas, onde se utilizan as denominadas estacadas. E, na desembocadura do Miño, nos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda, utilízanse as redes lampreeiras, que se lanzan e recollen desde as gamelas.



CRECENTE, MIRANDO CARA AO MIÑO



O concello pontevedrés de Crecente limita coa provincia de Ourense e fai fronteira entre España e Portugal. É aquí onde comeza a ruta da lamprea do Baixo Miño. Ao longo duns 25 quilómetros pola súa ribeira, desde Crecente ata Salvaterra, espállanse centos de pesqueiras.

O punto de partida é o miradoiro de Guillade, lugar idóneo para contemplar unhas fermosas vistas do río. Se segues o itinerario pro-


posto, poderás coñecer as pesqueiras localizadas ao pé do río, e as máis fáciles de ver son as de Longa de Barxelas, Malicioso e Novo, nomes curiosos cos que se recoñecen moitas destas construcións. A miúdo, fan referencia a situacións anecdóticas, á propia eficacia e produtividade das instalacións ou á toponimia do lugar onde se localizan. Estas denominacións inciden na singularidade e no valor etnográfico que rodea a cultura lampreeira. Ven e descúbreas!



En coche e a pé

Percorrido da ruta: 30 km aprox.

- 1_ Miradoiro de Guillade
- 2_ Pesqueiras Longa de Barxelas, Malicioso e Nova
- 3_ Ruta das Tres Capelas
- 4_ Igrexa, torre, pazo e mosteiro



12 min



20 min



25min

1 MIRADIRO DE GUILLADE

42.21744, -8.18783

Desde este miradoiro, gozarás dunha panorámica dos meandros do río Miño no seu fluír cara ao océano Atlántico. Atravesando as súas augas, en Filgueira, atoparás dúas pontes, unha antiga e en desuso, e outra moderna, construídas para facilitar o paso entre as provincias de Pontevedra e Ourense. Sen abandonar esta parroquia, atoparás dúas máis, a das Cabras e a de Barxelas, esta máis ben coñecida como Pontillón, para diferenciala doutra co seu mesmo nome, que lle dá servizo á liña férrea de Ourense-Vigo.

Desde esta localidade, continuando a senda do Miño, chegas ao Freixo, onde convén salientar o pazo de Queimadelos, unha construción do século XVII.

2 PESQUEIRAS LONGA DE BARXELAS, MALICIOSO E NOVA

42.14218, -8.20599

A través dunha curta ruta a pé, tes a posibilidade de coñeceres estas tres pesqueiras do Miño máis de preto.

Trátase dunha pequena representación de todas as que se conservan colgadas na súa beira. Comprobarás que todas son diferentes, tanto pola diversidade do seu tamaño coma pola colocación estratéxica de cada unha delas en función do caudal.

As lampreas capturadas nesta parte alta do río son apreciadas pola súa gran calidade. No seu particular combate contra a corrente das augas, estes animais levan a cabo un enorme esforzo que fai que a súa carne sexa máis tersa, escura e saborosa. Esta especial textura e a potencia do seu sabor achéganlle un valor gastronómico engadido.

3 RUTA DAS TRES CAPELAS

42.15152, -8.21972

Se continúas a ruta, poderás visitar tres capelas, que son unha mostra do rico patrimonio relixioso galego. A primeira parada terá lugar na ermida da Virxe do Camiño, encadrada nunha antiga ruta do Camiño de Santiago. A segunda capela é a do Cruceiro Crebado, dedicada ao Cristo dos Aflixidos. A súa localización destaca por ser o punto onde se cruzaban distintas rutas do Camiño Real.

A última é a capela de Fátima, unha das primeiras construídas en España con advocación a esta virxe. A talla desta foi traída, no ano 1948, aos ombreiros dos seus fieis desde Leiría en Portugal. Pasouse nunha barca en Salvaterra de Miño e continuou a súa peregrinaxe polas distintas parroquias que atopaba ao seu paso, e facía noite nas igrexas parroquiais rodeada dunha gran devoción e fervor popular.

4 IGREXA, TORRE, PAZO E MOSTEIRO

42.153387, -8.223167

Na capital do municipio destacan a igrexa e a torre de Fornelos. A primeira, que data do século XIV como colexiata e que pasa a ser igrexa parroquial no século XVII, custodia a reliquia da Vera Cruz, coa súa bula ou documento de autenticidade expedido en Roma. Da torre de Fornelos (século XII) destaca a súa importancia histórica, reflectida nas loitas entre Afonso VII (rei de Galicia) e o seu primo Afonso Henriques (rei de Portugal), que deron lugar á independencia do país veciño.

Esta ruta finaliza na parroquia de Albeos, onde se atopan as ruínas do mosteiro de San Paio quen, segundo a tradición, naceu no barrio da Carballosa no ano 911. De estilo románico, foi mandado construír a comezos do século X, en memoria do mártir.

O percorrido complétase no pazo da Fraga. As súas orixes datan de finais do século XVI e trátase dun edificio de liñaxe de estilo barroco e nobre planta.

E se che sobra tempo...

Ruta de sendeirismo Mirando cara ao Miño

Goza deste sendeiro circular de 9,5 km, que transcorre por unha parte do antigo Camiño Real. Visitarás cruceiros, petos de ánimas, muíños, capelas, pontes e arroios. Todo nun único sendeiro mirando cara ao Miño.

Onde comer lamprea?



Crecente

Restaurante Gerardo

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Lamprea á bordelesa



A máis típica e tradicional.
Guísase no seu propio sangue e acompáñase con arroz en branco e pan frito.





za son as protagonistas no pequeno concello de Arbo. r da provincia de Pontevedra, este municipio non só se do Miño, senón que tamén se nutre da vida que crece or. O río está intimamente ligado á historia, cultura e da vila, e forma unha parte indisoluble da súa paisaxe.

estas augas é a de maior fama de toda Galicia. Se de por coñeceres todos os detalles da vida e captura e, invitámoste a que visites as pesqueiras do concello e Interpretación do Viño e da Lamprea. A referencia dese a que a comarca do

Condado do Tea tamén é terra de viños. Esta denominación de orixe Rías Baixas prolóngase dereita do Miño, e abarca os concellos de Salvate As Neves, Arbo, Crecente, Salceda de Caselas e Podes coñecer as adegas do viño do Condado consu www.rutadelvinoriasbaixas.com

Estes caldos son apropiados para acompañar a lamprea calquera das súas variedades. E para gozar do sabor hai dúas citas gastronómicas que o festexan: a Festa d mes de abril e a Exaltación da Lamprea Seca en agosto





9 min



11 min



4 min

1 RUTA INTERPRETATIVA DAS PESQUEIRAS DE SELA

42.09172, -8.35608

A través deste sendeiro, e seguindo o curso das augas, coñecerás estas construcións de pedra que, enfrontadas á corrente, actúan a modo de trampa para capturar a lamprea.

As pesqueiras máis antigas remóntanse á época dos romanos, e considérase que as últimas foron construídas hai uns 150 anos.

Non existe uniformidade en canto á súa fisionomía. Cada pesqueira posúe características particulares: número de poios, altura, lonxitude, disposición con respecto á canle do río...

De feito, algunhas delas están formadas por un único corpo ou muro, e son coñecidas como pesqueiras de cabecera. Nelas emprégase un aparello chamado rede cabecera, que por un extremo se lastra con dous pesos ao fondo e polo outro permanece na superficie da auga grazas a unha aboia ou cabaza.

2 CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO VIÑO E DA LAMPREA "ARBO"

42.11293, -8.30793

Este museo reparte o seu protagonismo entre os dous elementos enogastronómicos máis importantes do municipio: o viño da denominación de orixe Rías Baixas e a lamprea.

A través de paneis divulgativos, vídeos e diferentes materiais interactivos, coñecerás a cultura que se desenvolve ao redor de ambos os produtos.

Tamén poderás ver documentais sobre o patrimonio cultural e paisaxístico do concello, acompañados dunha degustación dos viños locais.

3 PONTE INTERNACIONAL ENTRE ARBO E MELGAÇO

42.10809, -8.29630

Esta moderna ponte substituíu a barca que durante anos uniu o concello de Arbo coa veciña localidade portuguesa de Melgaço.

A día de hoxe, a barca é historia e a nova ponte internacional, ademais de facilitar o tránsito de persoas e mercadorías entre ambos os países, converteu a localidade de Arbo nun punto estratéxico de comunicación socioeconómica entre Galicia e Portugal.

4 PASEO FLUVIAL DO RÍO MIÑO E PESQUEIRAS DA CONTORNA DA PONTE INTERNACIONAL

42.10794, -8.29817

Camiñando ao longo de este paseo, poderás apreciar con detalle a beira do río pertencente ao veciño Portugal. Terás tamén unha boa perspectiva das tradicionais pesqueiras localizadas debaixo da ponte.



En proxecto!

En breve, poderás gozar dun novo sendeiro duns 6 quilómetros de lonxitude á beira do Miño. O proxecto pretende unir as pesqueiras de Sela coa ponte internacional e, deste xeito, aumentar o tramo habilitado para o paseo peonil.

ARBO, AUGA E PEDRA MÁXICA



Arbo é unha localidade que conta cun gran patrimonio inmaterial cheo de lendas, crenzas e rituais de carácter místico e relixioso.


A través desta ruta coñecerás un pasado onde a pedra, a auga e a relación de ambos os elementos coa lamprea serán os protagonistas que te transportarán no tempo.



En coche

Percorrido da ruta: 20 km aprox.

- 1_ Ponte de Mourentán
- 2_ Parque Etnográfico Os Muíños da Rocha
- 3_ Monte e capela de San Fins
- 4_ Praza do Calvario



10 min



16 min



29 min

1 PONTE DE MOURENTÁN

42.11972, -8.29572

Esta ponte do século XVIII, situada sobre o río Deva, foi testemuña de como os veciños de Arbo defenderon os seus fogares e as súas familias fronte aos ataques das tropas francesas durante a Guerra da Independencia.

Un monolito rememora esa loita veciñal, que finalizou co triunfo do exército francés.

Preto da ponte consérvase un antigo muíño de auga totalmente rehabilitado.

2 PARQUE ETNOGRÁFICO OS MUÍÑOS DA ROCHA

42.11971, -8.326

Trátase dun conxunto de catro muíños restaurados: o do Couto, o da Cuca, o do Medio e o do Cubo que, desde mediados do século XIX, foron os encargados de moer o gran dos veciños da zona.

O seu desuso, froito da baixada na produción de cereais, provocou un lento e progresivo abandono, aínda que a día de hoxe se atopan completamente restaurados.

3 MONTE E CAPELA DE SAN FINS

42.1234, -8.35352

O monte de San Fins é un enclave estratéxico para contemplar o trazado do río Miño desde Crecente ata A Guarda.

Na súa capela, celébrase a romaxe de San Fins cada primeiro domingo de agosto. A tradición vai en aumento e son miles os fregueses que acoden cada ano para pedir a curación dos seus problemas de xordeira.

4 PRAZA DO CALVARIO

42.09788, -8.33534

Nesta praza déixanse entrever restos de ritos pagáns que indican o misticismo do lugar.

Xunto á capela dos Milagres, atoparás un calvario e un monolito coa imaxe da Dolorosa. Para completar o conxunto, un curioso farol e un peto de ánimas.

Seguro que a este lugar acudían en ofrenda os arbenses para pediren polas boas colleitas de vide, así como por abundantes pescas de lamprea.



Onde comer lamprea?



Arbo

Mesón da Lamprea

Restaurante A Rula

Restaurante Asador Os Pirús

Restaurante A Vila

Restaurante Castro

Restaurante Churrasquería La Almuíña

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

E ti que es adicto á lamprea... Próbaa seca!



Asada á brasa, guisada con fideos e tirabeques, rechea...
A lamprea seca permite unha chea de receitas!

Podes degustalas todas na festa que lle dedica Arbo no mes de agosto!

E se tes a oportunidade de te achegares a Arbo no mes de abril, non perdas a Festa da Lamprea, declarada de Interese Turístico Nacional.





AS NEVES, O SOL DO CONDADO



O concello das Neves recibe o sobrenome do sol do Condado, debido á súa favorable climatoloxía, que proporciona condicións excelentes para o cultivo da vide. Aquí poderás percorrer o antigo sendeiro xunto ao río, que aínda a día de hoxe usan os pescadores para transportaren as lampreas capturadas nas pesqueiras durante a noite.

Visita a Casa da Auga, unha reitoral convertida agora nun parque etnográfico no que descubrirás de primeira man a importancia que ten a auga no modo de vida da poboación local, así como curiosidades arredor do ciclo de vida da lamprea.



 En coche

Percorrido da ruta: 8 km aprox.

- 1_ Casa da Auga
- 2_ Pesqueiras Peneliña 21 e Varandoiro
- 3_ Sendeiro dos Pescadores



7 min



30 min

1 CASA DA AUGA

42.09114, -8.37702

É unha antiga casa reitoral do século XVII, relacionada coa orde dos templarios e hoxe convertida en museo etnográfico. Se percorres o seu patio interior, coñecerás os usos da auga na parroquia de Vide, así como a vida da lamprea, a través de diferentes paneis informativos e dun documental sobre a flora e a fauna do Miño.

2 PESQUEIRAS PENELIÑA 21 E VARANDOIRO

42.149444, -8.627778

Uns cadros brancos pintados nas rochas destacan na paisaxe do río. Sobre estes, verás os números que identifican cada unha das pesqueiras, aínda que a maior parte delas sexan coñecidas con nomes atribuídos popularmente e cuxa orixe se perde, a miúdo, no pasado. Así acontece coas incluídas nesta ruta, que foron bautizadas como Peneliña e Varandoiro.

As pesqueiras caracterízanse por tratarse dun método de pesca sostible, de extracción moderada, que permite o paso dos peixes para completar o ciclo de vida. O número de capturas autorregúlase con relación á cantidade de lampreas que logran remontar o río. Así, a máis peixes mais pesca, e viceversa.

3 SENDEIRO DOS PESCADORES

42.08244, -8.43661

As terras nevenses descenden en suaves socalcos cara ao río Miño e forman unha combinación harmoniosa que lle outorga á paisaxe un carácter propio.

Neste ámbito, discorre o sendeiro dos pescadores, que se prolonga ao longo de 3,5 km e que chega ata o concello de Arbo. Neste ámbito descubrirás un típico bosque de ribeira salpicado de pesqueiras nas marxes do río.

No percorrido atoparás tamén miradoiros, áreas recreativas como a de Santa Mariña, fontes, capelas e incluso as ruínas dun antigo posto fronteirizo onde se vixiaba o estraperlo con Portugal.

E se che sobra tempo...

Camiño dos Frades

(42.137778, -8.648333)

Aproveita para facer esta ruta, de 15 quilómetros de lonxitude, que podes percorrer a pé ou en bicicleta. Terás a oportunidade de descubrir unha gran riqueza de patrimonio histórico-artístico: igrexas, capelas, cruceiros, pontes medievais, petos de ánimas...

Como dato histórico, convén destacar que este camiño era o que seguía a raíña Santa Isabel de Portugal, na súa peregrinación desde terras portuguesas cara a Santiago de Compostela.

Onde comer lamprea?



As Neves

Restaurante Casa Calviño

Restaurante Casa O Frenazo

➔ Máis info en: www.turismo.gal

Atrévete coa empanada de lamprea!



Se non te decides por degustala á bordelesa ou seca, próbaa en empanada.

Hai quen di que o seu segredo está na masa, o que podería ser certo, pero do que non cabe dúbida é de que como o sabor da empanada de lamprea non hai outro igual.

Bo proveito!





SALVATERRA, UN XARDÍN SOBRE O MIÑO



Capital histórica e cultural da comarca do Condado e vila milenaria, Salvaterra de Miño creceu arredor da Fortaleza, o conxunto de edificacións defensivas da vila. Cunha historia impregnada de loitas, moitas delas provocadas pola súa situación estratéxica de fronteira co veciño Portugal, a día de hoxe posúe un legado cultural cheo de tradicións que marcan os seus costumes e hábitos de vida.

A través desta ruta, presentámosche un lugar que foi testemuña pétrica de intensas disputas señoriais e territoriais. Poderás visitar un xardín botánico cunha ampla variedade de especies florais, así como camiñar ao longo dun paseo fluvial que te conducirá ata o parque da Canuda e as pesqueiras de Salvaterra.



A pé

Percorrido da ruta: 5 km aprox.

- 1_ Pesqueiras Mon, Buceira e Maximina
- 2_ Fortaleza de Salvaterra
- 3_ Parque A Canuda e paseo fluvial
- 4_ Illa de Fillaboa



15 min



12 min



21 min

1

PESQUEIRAS MON, BUCHEIRA E MAXIMINA

42.08122, -8.47394

As pesqueiras que podemos visitar no municipio de Salvaterra son tres: Mon, Bucheira e Maximina.

Tradicionalmente, na nosa terra, o seu uso transmítese por herdanza familiar. Este legado vai unido á transmisión dun coñecemento exahustivo do río e do seu caudal.

Os pescadores enfróntanse aos perigos deste traballo desde moi pequenos. Sorprende ver a seguridade e a rapidez coa que se moven sobre as rochas, apoiando o pé no lugar idóneo para non esvarar.

2

FORTALEZA DE SALVATERRA

42.08054, -8.49607

Declarado ben de interese cultural no ano 1949, é o elemento distintivo da vila. Situado ao pé do río Miño, esta fortificación, construída no século X, serviu para protexer os seus habitantes dos numerosos ataques que sufriron durante séculos.

No interior do recinto amurallado, poderás visitar a igrexa de San Lourenzo, a Casa do Conde, a Porta da Oliva e o castelo da raíña dona Urraca.

Son varias as lendas que circulan arredor delas, como a que fala do pozo, alí situado, que daba acceso a un pasadizo do que se servía a raíña dona Urraca para atravesar o río cara a terras portuguesas.

3

PARQUE A CANUDA E PASEO FLUVIAL

42.07957, -8.50537

Como un verdadeiro xardín sobre o Miño, o parque público da Canuda esténdese pola beira do río ao seu paso por Salvaterra.

Trátase dun grande espazo verde dotado con instalacións deportivas, un recinto de aves, un auditorio, un parque infantil, un circuito de ximnasia e ata un invernadoiro de orquídeas.

Tamén conta cunha aula da natureza, onde poderás coñecer a fauna e a flora do Miño, ou mesmo a forma de vida e reprodución da lamprea.

4

ILLA DE FILLABOA

42.07866, -8.51852

Esta é a maior das dúas illas que se atopan na confluencia dos ríos Miño e Tea. Para acceder a ela, podes optar por camiñar a través dun sendeiro ecolóxico que une o parque da Canuda coa desembocadura do río Tea, cando o caudal do río o permite.



Onde comer lamprea?



Salvaterra de Miño

Mesón O Noso Eido

Restaurante A Canuda

Restaurante Asador A Miña Lareira

Restaurante Casa Lino

Restaurante El Retiro

Restaurante Grandal

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Lamprea con ensalada rusa



En temporada de xaneiro e abril, e fóra de temporada, pódese degustar lamprea rechea, asada e en empanada.





AS ESTACADAS DO RÍO TEA




O método para a captura da lamprea que se utiliza no río Tea, ao seu paso por Ponteareas, coñécese co nome de estacada. Moi distinto ao empregado noutras zonas, consiste nunha especie de ponte ou estada onde se colocan os pescadores. As máis tradicionais están feitas de madeira de eucalipto ou piñeiro, aínda que na actualidade xa se empregan estruturas metálicas que mesmo contan cunha ponte levadiza. Desde aí, pola noite, capturan a lamprea valéndose das fisgas ou francadas, que son varas anchas que rematan en pugas coas que cravar os peixes a golpe de brazo, un traballo de gran precisión.

Estas curiosas elevacións sobre o río esténdense ao longo do Tea, desde Salvaterra de Miño ata Ponteareas. O seu uso repártese cada mes de xaneiro, a través dun sorteo entre os pescadores que o soliciten. Unha vez finalizada a época da lamprea, recóllense ata o próximo ano. Polo tanto, tan só as poderás ver se te achegas na tempada de pesca.

Acompaña esta imaxe única cun percorrido a pé, ao lado do Tea, seguindo unha ruta duns 14 quilómetros de lonxitude desde a ponte

medieval de Fillaboa, situada no concello de Salvaterra de Miño, ata a praia fluvial da Freixa, en Ponteareas.



A pé

Percorrido da ruta: 14 km aprox.

- 1_ Ponte medieval de Fillaboa
- 2_ Ponte das Partidas
- 3_ Ponte dos Remedios
- 4_ Praia fluvial A Freixa



60 min



45 min



10 min

1 PONTE MEDIEVAL DE FILLABOA

42.08449, -8.51788

Comezamos o sendeiro do río Tea na ponte medieval de Fillaboa, situada moi preto da súa desembocadura no río Miño.

Ao longo dos anos, foi testemuña de numerosos conflitos bélicos entre España e Portugal. Estes feitos provocaron a súa reconstrución en numerosas ocasións.

2 PONTE DAS PARTIDAS

42.14601, -8.51297

Esta ponte serviu, desde hai moitos séculos, para unir ambas as beiras do río Tea.

Arredor desta ponte circulan numerosas lendas. Unha das máis curiosas conta como alí acudían a media noite as mulleres con dificultade para concibir. Debían pedirlle ao primeiro camiñante que o cruzase que, entre outros rituais, derramase auga do río sobre elas.

Se con esta sorte de bautismo prenatal a muller lograba ser nai, o viandante tería que converterse en padriño do neno ou da nena.

3 PONTE DOS REMEDIOS

42.1769, -8.51107

Esta ponte, de orixe medieval, é un dos emblemas do concello de Pontearreas.

Está na orixe do nome da vila, que xurdiu nas inmediacións desta ponte.

Segundo algúns estudos, crese que por aquí tiña paso unha vía romana que comunicaba Bracara Augusta (Braga) con Lucus Augusta (Lugo) e, de aí, con Asturica Augusta (Astorga).


Esta ponte preside a praia fluvial do seu mesmo nome, ámbito natural e lugar de recreo.

4 PRAIA FLUVIAL A FREIXA

42.18802, -8.51426

É a praia fluvial máis coñecida do concello e a que conta cun maior número de servizos. Dispón de aseos, merendeiros, pistas de tenis e servizo de socorrismo durante os meses de verán.

Desde A Freixa pódese pasear polo sendeiro do Tea, unha senda natural pegada ao río do mesmo nome, que conta cun excelente valor paisaxístico e etnográfico.



Onde comer lamprea?



Ponteareas

Restaurante Catavento

Restaurante Etxe Eder

Restaurante O Rei do Bacalao

Restaurante Punto e Textura

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*





A PESCA DA LAMPREA NO TRAMO FINAL DO RÍO MIÑO



A pesca da lamprea entre os concellos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda, a diferenza doutros municipios río arriba, realízase desde embarcacións debido á anchura do río que se incrementa no esteiro que se forma na súa desembocadura na Guarda.

O sistema de pesca elixido está condicionado polo peculiar comportamento dos peixes nesta zona de desembocadura. Débese a que as lampreas necesitan un tempo de aclimatación á auga doce antes de iniciaren o remonte do Miño. O momento máis propicio para a súa captura é coa suba da marea; é dicir, cando a auga do mar entra na canle fluvial.

A gamela é a embarcación tradicional que empregaron, e aínda seguen empregando, os mariñeiros para capturar a lamprea. Esta embarcación de madeira, pola súa estrutura, aguantaba os embates das duras correntes na perigosa desembocadura do Miño.

Os pescadores, aproveitando as mareas, capturan a lamprea largando á auga un aparello coñecido como lampreeira.

Trátase dunha rede composta por tres panos de diferentes tamaños. No pasado, adoitaban ser de cânabo e algodón, pero na actualidade estase a xeneralizar o uso do nailon.

A tempada de pesca na desembocadura do Miño comeza en xaneiro e finaliza a mediados de abril e, durante estes meses, pódense observar as decenas de pescadores nas súas embarcacións, realizando este duro traballo, largando a lampreeira e izándoa mentres as correntes do río os desprazan.



En coche

Percorrido da ruta: 30 km aprox.

- 1_ Área Recreativa da Ribeira de Caldelas
- 2_ Catedral de Tui e zona histórica
- 3_ Parque Natural do Monte Aloia
- 4_ Ruta Sendeiro de Pescadores
- 5_ Museo do Mar da Guarda
- 6_ Estuario do Miño
- 7_ Monte Santa Trega
- 8_ Ruta da desembocadura do Miño



21 min



20 min



20 min

1 **ÁREA RECREATIVA DA RIBEIRA DE CALDELAS**

42.05391, -8.56605

Esta paraxe natural situada ao lado do río é un lugar idóneo para gozar das vistas sobre o Miño.

Desde ela poderás observar como os pescadores capturan a lamprea coas redes lampreeiras.

2 **CATEDRAL DE TUI E ZONA HISTÓRICA**

42.04605, -8.64458

Declarada conxunto histórico-artístico en 1967, Tui foi a capital dunha das sete provincias do Antigo Reino de Galicia. A día de hoxe, segue conservando a súa propia diocese obispal Tui-Vigo.

Tras a brevidade do seu nome, escóndese unha longa historia de convivencia fronteiriza, chea de disputas por intereses sobre o Miño.

Na súa zona histórica, xunto aos restos da muralla, atoparás monumentos de gran valor, como a catedral, que conserva o único claustro gótico das cinco catedrais galegas, o convento de Santa Clara e o túnel das encerradas, o sobrenome co que se coñecían estas monxas.

Non se pode esquecer a relación de Tui co Camiño de Santiago que, desde a época medieval, contaba cun Hospital dos Pobres e Peregrinos, actualmente Museo Diocesano de Tui-Vigo. Digno de mención é tamén o convento de San Domingos, onde se sitúa o Centro de Interpretación do Camiño Portugués.

3 **PARQUE NATURAL DO MONTE ALOJA**

42.07995, -8.66975

Convertido no primeiro parque natural de Galicia no ano 1978, esta atalaia de 700 metros de altitude ofrece unha bela panorámica do río Miño.

Trátase dun gran xardín botánico forestal, situado na serra do Galiñeiro, que reúne un amplo número de especies vexetais, froito da reforestación levada a cabo polo enxeñeiro de montes Rafael Areses.

Achégate ata o Centro de Interpretación da Natureza, situado na antiga Casa Forestal, de curioso deseño. Se queres camiñar, podes elixir entre as numerosas rutas de sendeirismo que parten deste punto.

4 **RUTA SENDEIRO DE PESCADORES**

41.922755, -8.825694

Esta ruta de 7,2 km de lonxitude sitúase integramente no concello do Rosal. Comeza na praia de Eiras e transcorre en paralelo ao río, entre vexetación de ribeira, xunqueiras e algún canal, o que reflicte un excelente exemplo da valiosa biodiversidade do esteiro do Miño.

Pertencente á Rede Natura 2000, presenta tamén unha gran variedade de aves, o que fai deste hábitat un enclave ornitolóxico de grande interese.

A senda intérnase por un momento en zona urbana para pasar por San Miguel de Tabagón, para continuar despois cara á desembocadura e quilómetros finais do Carballas-Tamuxe e finalizar na paraxe natural do Muíño das Aceñas, a maior construción destas características que hai no Rosal.





5 min



53 min



2 min



16 min

5 MUSEO DO MAR DA GUARDA

6 ESTUARIO DO MIÑO

7 MONTE SANTA TREGA

8 RUTA DA DESEMBOCADURA DO MIÑO

41.902567,-8.880194

41.88752,-8.87156

41.89244,-8.86963

41.88161,-8.88118

A Guarda tamén conta cun interesante porto pesqueiro. O Museo do Mar atópase ao final do paseo marítimo. O edificio é unha atalaia, unha reconstrución dunha fortificación militar, que acolle dúas coleccións museísticas: unha etnográfica, cunha mostra do antigo traballo no mar e no río da Guarda, e outra malacolóxica, cunha selección de cunchas de mar do mundo. Pódese visitar as fins de semana e os festivos.

A desembocadura do río Miño na Guarda conforma un espazo de grande interese natural.

Nos últimos quilómetros antes de chegar ao océano, forma un esteiro de gran riqueza ecolóxica, froito da confluencia de dous ecosistemas: o fluvial e o marítimo.

O esteiro do Miño está recoñecido con múltiples figuras de protección, como a de zona de especial protección para aves (ZEPA), que forma parte da Rede Europea Natura 2000 e da Lista de zonas húmidas de importancia internacional.

O monte Santa Trega é un excelente miradoiro natural ao esteiro do Miño, a Portugal e ao océano Atlántico. Desde o cume, pódense ver as embarcacións pescando na desembocadura do río Miño.

Ademais, no monte localízase o castro de Santa Tegra, a mostra máis importante da cultura castrexa no noroeste peninsular na que se pode observar a estrutura do castro e dúas vivendas reconstruídas.

O Museo Arqueolóxico de Santa Trega (MASAT), situado no cume do monte, conserva os vestixios atopados durante as escavacións.

Destaca a última incorporación á colección, o cabezón do Trega, a cabeza labrada atopada na campaña de escavación de 2015.

Esta ruta sinalizada e homologada como PR-G160 comeza preto da igrexa de San Lourenzo, na parroquia de Salcidos.

Ao longo de case 9 quilómetros de percorrido, sitúanse dous observatorios de aves, xa que no seu canal se atopa a maior concentración de aves que habitan no esteiro do Miño.

Continúa a senda pola ribeira, ata chegar á praia O Muíño, e remata na costa atlántica.

O Lanzo da Cruz

Parroquias coma Tabagón e As Eiras no concello do Rosal, e Goián, Forcadela e Currás no concello de Tomiño, teñen tamén tradición na pesca da lamprea do Miño.

Vinculado a ela consérvase, na parroquia de Sobrada (Tomiño), o ancestral rito do Lanzo da Cruz. Cada luns de Pascua, o sacerdote do lugar de Torrán embarca xunto aos pescadores, portando a cruz parroquial, para bendicir as súas redes e as augas do Miño e chegar á ribeira portuguesa da freguesía de Cristelo Covo (Valença do Minho).

Do mesmo xeito, establécese que o párroco da localidade portuguesa realice a mesma bendición, chegando á beira tomiñesa. Unha vez que as redes son recollidas, os sacerdotes reciben como obsequio as lampreas que nelas foron capturadas.



Onde comer lamprea?



Tui

Restaurante Don Sancho
Restaurante El Molino
Restaurante O Cruceiro do Monte
Restaurante O Novo Cabalo Furado
Restaurante O Pote
Restaurante Silabario

Tomiño

Restaurante Hermanos Cuña
Restaurante Novo Arroio
Restaurante Os Predregales

O Rosal

Restaurante As Brasas
Restaurante Eiras
Restaurante Juan
Restaurante Paradela

A Guarda

Restaurante Alborada
Restaurante Area Grande
Restaurante Bitadorna
Restaurante Cangrexal
Restaurante Casa do Outeiro
Restaurante Marusía
Restaurante O Couto
Restaurante Os Remos
Restaurante O Xeito
Restaurante Pizzicata
Restaurante Porto Guardés
Restaurante Xantar

➔ *Máis info en: www.turismo.gal*

Proba o petisco de lamprea!



Se te achegas á Guarda na Semana Santa, poderás degustar as delicias gastronómicas que ofrece a Ruta Gastronómica do Petisco da Lamprea do Miño!





Outra maneira de saborear a lamprea ao longo do ano

Tradición e innovación collidas da man!

Para satisfacer os grandes amantes deste produto existen empresas, coma Conservas de Cambados, S.L. (www.conservasdecambados.com) e Obrador de Lamprea, S. L. U. (www.obradordelamprea.com), que comercializan a lamprea, envasada en diferentes presentacións, para que poida ser degustada en calquera época do ano.



RESTAURANTES DA RUTA DA LAMPREA

RUTA	NOME	ENDEREZO	TELÉFONO
OS RODEIROS DO TAMBRE	Restaurante Alborés	Calle del Escultor Ferreiro, 28, 15200 Noia, A Coruña	981 82 01 52
	Restaurante Elisardo	Calle Ferrador, 15, 15200 Noia, A Coruña	981 82 01 30
	Restaurante Ferrador	Calle Ferrador, 11, 15200 Noia, A Coruña	981 82 00 80
	Restaurante Marico	Rúa de Galicia, 32, 15200 Noia, A Coruña	981 82 32 37
	Restaurante Tío Manolo	Rúa Outonil, 1, 15200 Noia, A Coruña	981 82 28 50
	Restaurante Casa Peto	Cruceiro de Roo, 24, 15287 Outes, A Coruña	981 76 50 24
	Restaurante Hotel Gastronómico Casa Rosalía	Calle Soigrex, 19, 15280 Brión, A Coruña	981 88 75 80
AS PESQUEIRAS DO XIRIMBAO	Restaurante Armando Blanco - A Casa das Tortillas	Travesía de Cacheiras, 56, 15886 Teo, A Coruña	981 80 71 28
	Restaurante Cierito Blanco	Carretera N - 550, Lugar de Ameneiro, 15866 Teo, A Coruña	981 54 83 83
	Restaurante Orballo-Hotel Congreso	Rúa Mámoas de Montouto, 4, 15883 Teo, A Coruña	981 81 90 80
	Restaurante Pórtico	Travesía de Cacheiras, 72, 15886 Teo, A Coruña	981 80 75 64
	Restaurante A Casa dos Martínez	Rúa Longa, 7, 15900 Padrón, A Coruña	634 98 05 36
	Restaurante Asador Reina Lupa	Carretera N - 550, A Escravitude, s/n, 15980 Padrón, A Coruña	981 80 31 44
	Restaurante Casa Eduardo	Carretera N - 550, A Escravitude, 14, 15980 Padrón, A Coruña	981 80 33 44
SABOR A LAMPREA E A PEMENTOS DE PADRÓN	Restaurante Chef Rivera	Calle Enlace Parque, 7, 15900 Padrón, A Coruña	981 81 04 13
	Restaurante Fogar de Breogán	Carretera N - 550, Pazos s/n, 15917 Padrón, A Coruña	981 81 11 34
	Restaurante O Pazo-Hotel Scala	Carretera N - 550, Pazos s/n, 15917 Padrón, A Coruña	981 81 13 12
	Restaurante O Santiaguíño	Praza de Macías, 8, 15900 Padrón, A Coruña	981 81 00 23
	Restaurante Carabela	Rúa San Luis, 28, 36640 Pontecesures, Pontevedra	986 55 75 08
	Restaurante Casa Emilio	Rúa da Estación, 1, 36612 Catoira, Pontevedra	986 54 60 13
	Restaurante Gerardo	Lugar Mosteiro, nº 39, Albeos 36429 Crecente, Pontevedra	986 66 65 07
CRECENTE, MIRANDO CARA AO MIÑO	Mesón da Lamprea	Calle Iglesia, s/n, Cabeiras, 36436 Arbo, Pontevedra	986 66 54 89
	Restaurante A Rula	Calle Reguengo, 6, 36430 Arbo, Pontevedra	986 66 51 81 / 627 51 64 18
	Restaurante Asador Os Pirús	Rúa Antonia Tovar, s/n 36430 Arbo, Pontevedra	986 66 34 71 / 605 91 98 22
	Restaurante A Vila	A Vila, s/n 36430 Arbo, Pontevedra	986 66 34 70
	Restaurante Castro	Calle Turbela, 53, 36430 Arbo, Pontevedra	675 41 97 28
	Restaurante Churrasquería La Almuíña	Almuíña, 6, 36430 Arbo, Pontevedra	986 66 51 91
	Restaurante Casa Calviño	Calle Marquesa do Pazo, 34 - Bajo, 36440 As Neves, Pontevedra	986 64 80 40
AS NEVES, O SOL DO CONDADO	Restaurante Casa O Frenazo	Rúa Esperanza, 9, 36440 As Neves, Pontevedra	986 64 84 42
	Mesón O Noso Eido	Rúa da Fraga, 5, 36450, Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 65 83 13
SALVATERRA, UN XARDÍN SOBRE O MIÑO	Restaurante A Canuda	Rúa do Miño, 6, 36450 Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 66 40 07

* Debido a que a lamprea é un produto de tempada, algúns destes restaurantes só a ofrecen por encarga previa.

SALVATERRA,

UN XARDÍN SOBRE O MIÑO

AS ESTACADAS DO RÍO

TEA

A PESCA
DA LAMPREA
NO TRAMO FINAL
DO RÍO

MIÑO



Restaurante Asador A Miña Lareira	Calle Fias, 7, 36450 Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 65 81 39
Restaurante Casa Lino	Pedrafurada, 2, Oleiros, 36457 Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 65 82 09
Restaurante El Retiro	Rúa do Miño, 4, 36450 Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 65 80 83 / 615 65 90 00
Restaurante Grandal	Castelao, 33, 36450 Salvaterra de Miño, Pontevedra	986 65 94 16
Restaurante Catavento	As Cachadas, s/n, Carretera a Mondariz, km 0,5, 36860 Pontearreas, Pontevedra	986 66 18 68 / 656 25 53 48
Restaurante Etxe Eder	Avenida de Galicia, 19, 36860, Pontearreas, Pontevedra	986 66 13 75
Restaurante O Rei do Bacalao	Ponte das Partidas, s/n Urcela-Moreira, 36863, Pontearreas, Pontevedra	986 64 92 52 / 649 70 94 05
Restaurante Punto e textura	Avenida de Galicia, 6, 36860, Pontearreas, Pontevedra	691 01 91 98
Restaurante Don Sancho	Rúa Colón, 25, 36700 Tui, Pontevedra	986 60 21 47
Restaurante El Molino	Rosa Bahamonde, s/n, 36700 Tui, Pontevedra	986 60 30 12
Restaurante O Cruceiro do Monte	Calle Cruceiro, 23, 36713 Tui, Pontevedra	986 60 75 75
Restaurante O Novo Cabalo Furado	Praza do Concello, 3, 36700 Tui, Pontevedra	986 60 12 15 / 986 60 22 63
Restaurante O Pote	Estrada Baiona, 15, 36700 Tui, Pontevedra	986 60 01 28
Restaurante Silabario	Calle de Colón, 11, 36700 Tui, Pontevedra	986 60 70 00
Restaurante Hermanos Cuña	Casal, 2, 36748 San Salvador de Tebra-Tomiño, Pontevedra	986 62 41 54
Restaurante Novo Arroio	Carretera general Tui-A Guarda, Vidancelle,2, 36730, Tomiño, Pontevedra	986 62 31 22
Restaurante Os Pedregales	Calle Lago, 1-Figueiró, 36792 Tomiño, Pontevedra	986 62 01 27
Restaurante As Brasas	Calle Cruceiro, 13, 36760 San Miguel de Tabagón, O Rosal, Pontevedra	986 61 09 66
Restaurante Eiras	Primeira travesía Picones, baixo, 36760 As Eiras-O Rosal, Pontevedra	660 16 68 15
Restaurante Juan	Calle Couso, 18, 36770 O Rosal, Pontevedra	986 62 50 85
Restaurante Paradela	Carretera de As Eiras, 15, 36760 San Juan de Tabagón, O Rosal, Pontevedra	671 831 332
Restaurante Alborada	Rúa do Porto, 34, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 03 21
Restaurante Area grande	Praia de Area Grande, s/n, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 30 91
Restaurante Bitadorna	Rúa do Porto, 30, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 19 70
Restaurante Cangrexal	Rúa do Porto, 1, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 11 07
Restaurante Casa do Outeiro	Carretera O Castro, 75, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 15 00
Restaurante Marusia	Rúa do Porto, 29, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 38 09
Restaurante O Couto	Carretera de Camposancos, 110, 36788 A Guarda, Pontevedra	986 62 72 36
Restaurante Os Remos	Rúa do Porto, s/n, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 37 31
Restaurante O Xeito	Calle Fernández Albor, 19, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 04 74
Restaurante Pizzicata	Calle Galicia, 55, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 15 34
Restaurante Porto Guardés	Rúa do Porto, 1, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 34 88
Restaurante Xantar	Calle de Colón, 11, 36780 A Guarda, Pontevedra	986 61 18 14



GLOSARIO

Butrón ou biturón: Arte de pesca utilizada no Ulla e no Baixo Miño. De forma cónica e unha lonxitude de dous metros, leva dentro unha segunda rede máis fina e remata nun gancho de ferro.

A súa colocación é de suma importancia e varía dependendo do río. No Miño, o bocal da rede sitúase cara á desembocadura, mentres que no Ulla se orienta en sentido contrario. O arco bocal está enganchado ao poio por medio dunha cadea, que máis tarde servirá para levantar a rede. Para isto serán necesarios entre un e tres homes, en función do peso das capturas.

Cangalla: Arte de pesca propia do río Tambre, aínda que algúns pescadores do río Ulla tamén utilizan esta denominación. Componse dunha rede de forma cónica colocada sobre unha armazón de madeira cadrada que se orienta a favor da corrente.

Estacada: Pasarela de madeira ou de metal apoiada en varios piares que cruza o río de maneira perpendicular. Sobre ela, os pescadores agardan o remonte da lamprea para capturala coa fisga ou a francada.

A súa lonxitude depende da anchura do río, e a máis habitual é de 15 metros. Estas construcións son exclusivas do río Tea, á altura do concello de Pontearreas.

A diferenza das pesqueiras, as estacadas non se explotan por herdanza familiar, senón que se someten a sorteo libre durante o mes de xaneiro entre os pescadores que as solicitan. Carecen de nomes propios, aínda que nalgúns casos son designadas en función do treito do río ou do lugar en que se montan.

Fisga, francada ou tridente: Pau ou mango longo cunha serie de puntas afiadas no seu extremo inferior, que se utiliza para cravar as lampreas desde as estacadas.

Gamela: Pequena embarcación empregada nos municipios de Tui e A Guarda. O aparello que se utiliza nas gamelas coñécese como lampreeira ou trasmallo.

Nasa: Rede cilíndrica que se coloca no fondo do río. Son aparellos propios das zonas de estuario ou desembocadura. A día de hoxe, úsanas os baleiros do Ulla nos concellos de Pontecesures, Valga e Catoira.

Pesqueira: Construción formada por perpiaños de pedra, colocados de maneira perpendicular ou oblicua respecto da corrente da auga.

O conxunto construtivo componse de varios corpos, chamados poios ou pescos, que deixan entre eles uns pasadizos estreitos nos que se colocan unhas redes cónicas chamadas butrón ou biturón.

As pesqueiras son frecuentes nas zonas altas dos ríos. Algunhas datan da época romana, e contan con máis de 1000 anos de antigüidade. Na actualidade, só se conservan en relativo bo estado as dos ríos Tambre, Ulla e Miño. Moitas delas teñen nome propio e a súa explotación pasa de pais a fillos por herdanza familiar.

Rodeiro: Nome polo que se coñecen as pesqueiras no río Tambre. Está composto por varias partes: unha base natural formada polas pedras do río, unha parte fixa constituída por varias pezas de madeira e unha parte móbil formada por unha armazón tamén de madeira onde se arma a rede para pescar.

Lampreeira: Arte de pesca utilizada na desembocadura do Miño, nos concellos de Tui e A Guarda. Este tipo de rede utilízase principalmente de noite e está formada por tres panos sobrepostos. O maior deles recibe o nome de bitana. Unha vez largada a rede, vai varrendo o río por efecto da corrente, e deste xeito captúranse as lampreas que se cruzan con ela.

Baleiros: Modesta frota de pequenas embarcacións tradicionais a vela e a remo empregadas polos pescadores dos municipios de Pontecesures, Valga e Catoira, na desembocadura do Ulla. Co paso dos anos, fóronse substituíndo por modernas e funcionais planadoras, que son as que se adoitan empregar na actualidade. Desde elas, ao atardecer, lárganse as nasas ou redes e recóllense despois dunhas vinte horas.



ga